

COÑECIMENTO  
DO MEDIO NATURAL  
E SOCIALVALORES  
SOCIAIS  
E CÍVICOS

# Un envase, un tesouro

## Obxectivos, oportunidades, ideas e conceptos

**1.**


Chamar a atención dos nenos sobre a presenza dos envases na súa vida cotiá, en casa, no supermercado e mesmo no colexió.

**2.**

Saber que é e para que serve un envase. Distinguir que é e que non é un envase.

**3.**

Distinguir entre lixo e residuos, e aprender que poden ser utilizados e teñen un valor.



# Un envase, un tesouro

## ● Esta actividade é para...

Distinguir entre o que é envase e o que non, porque os envases se converterán “maxicamente” noutras cousas, desde unha bicicleta a un forro polar.

## ● Que necesitamos?

Envases de todo tipo, dun tamaño pequeno ou mediano. Gomas elásticas ou cinta adhesiva. E “recompensas”: cromos, flores, caramelos, globos para inchar, mensaxes, etcétera. Finalmente, tres caixas “colectoras” para os envases.


## ● Que imos fazer?

Faremos unha procura de envases pola clase ou polo espazo que ocupa o ciclo infantil, coma se fosen ovos de Pascua. Antes teremos que preparalos con recompensas atándoos con cordel, goma ou cinta adhesiva.

Cando os atopen, levaranos ao seu colector e poderán quedarse os regaliños. Latas, bricks e envases de plástico van ao amarelo, os de cartón ao azul e os de vidro, ao verde.

### Seguimos?

Mantemos os colectores en clase para afacelos a depositar alí os envases, xa sexan de material de papelería como dos seus almorzos ou merendas.



# Un envase, un tesouro

## ● Necesitaremos:

Rotuladores de cores.

Ves todo ese lixo que deixaron algúnhas persoas e que podería aínda reciclarse?

Rodéao con círculos e lévao ao seu colector.

